



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

A MÚSICA das PALABRAS

Nacenza

1957 - 1974

Naceu Luísa Villalta o 15 de xullo de 1957, na Coruña, a que sería a súa Cidade Alta.



Coa súa nai, María, cuns poucos días



Xullo de 1958



Cos seus pais, na casa da rúa Vila de Laxe 6

Bautizárona o 28 de xullo na capela de San Pedro de Mezonzo.



No bautizo, co seu avó e a tía Carme como padriños



Entre "Vespas". Xullo de 1958

Foron seus pais Rafael Villalta Crespo, profesor mercantil dedicado ao sector bancario, e María del Carmen Gómez Castro, formada en Comercio. Anos despois tiveron outra nena, Susana.



Coa súa irmá e a súa nai, celebrando un aniversario



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Infancia feliz e viaxeira

1957 - 1974

Nos seus primeiros anos viviu na casa familiar da rúa Vila de Laxe 6, e logo no 22 da rúa Ricardo Labaca (despois Ronda de Nelle 48), onde pasou a nenez e a adolescencia, e algúns curtos períodos en localidades próximas aproveitando as oportunidades laborais do seu pai: As Pontes de García Rodríguez, Corcubión e Cee.



Co seu pai, Rafael,
no río Mandeo

A familia pasaba o verán na praia de Santa Cruz, en Oleiros, onde botaba horas batuxando na praia da Naval ou lendo as historias de Guillermo Brown.



A familia Villalta Gómez na Espenuca
(Betanzos)



Na Rapa das Bestas de Mougás, coa súa irmá Susana

Alí descubriu a súa capacidade para a escrita, influída pola profesora de Literatura, María Teresa Rodríguez Taboada, polas mans de quen tamén pasaron a poeta Pilar Pallarés e as filólogas Concepción Delgado Corral e Carme López Taboada, entre outras.



De adolescente, tocando o seu violín

Aprendeu as primeiras letras no colexio Europa, e logo o bacharelato (1967-1973) no tamén desaparecido colexio San Xosé (das Xosefinas), adscrito ao Instituto Nacional de Ensino Medio Eusebio da Guarda, ao que pasou para cursar COU no curso 1973-1974.



Luís, en primeira fila, coas compañeiras do colexio das Xosefinas. 1973

A idade temperá comeza a súa formación musical, que completa no Conservatorio Profesional de Música de Ourense (1965-1986) e no Superior de Música da Coruña, e outros cursos e mestrados.



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Etapa universitaria

1974 - 1982

En 1974 inicia os estudos universitarios de Filoloxía Hispánica no Colexio Universitario da Coruña.

Nestas aulas coñece a Paulino Martínez Pereiro, co que casa en abril de 1978.



Luisa e Paulino Pereiro

No curso de 1977-78 continúa a carreira en Compostela, pero segue vivindo na Coruña. Licénciase en Filoloxía, seccións de Hispánicas e Galego-Portugués, en 1982.



Tamén estuda alemán na Escola Oficial de Idiomas da Coruña.



No piazzale Michelangelo, mirador sobre Florencia. 1976

Coñece a Carlos Paulo Martínez Pereiro, co que colaboraría profesionalmente no seu primeiro traballo publicado, e a outras compañeiras e compañeiros de aulas, como os irmáns Pablo e César Morán Fraga.



Presentación dun especial de *A Nosa Terra*, no Hotel Finisterre da Coruña. De esquerda a dereita: Xoán Manuel Carreira, César Morán, Juan Durán, Luisa Villalta, Paulino Pereiro e Humberto Morán. Decembro de 1985. Foto: Xan Carballa



Antiga Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago, na praza de Mazarelos



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Entre partituras

1982 - 1986

Entre 1981 e 1986 céntrase nunha das súas grandes paixóns: a música.

Remata os estudos superiores de violín e desenvolve unha notoria actividade musical en eventos promovidos polo Conservatorio da Coruña, a Agrupación Musical Albéniz e, máis tarde, pola Orquestra de Santiago (1985-86) e a Xove Orquestra de Galicia (1987-88).

Un día saín do meu violino, lembro, e enxordecín a escala da corda por lle facer nós de palabras que me permitisen baixar aos camiños, como unha dama aristocrática empobrecida pola necesidade de coñecer.

“POÉTICA DA CONCRECIÓN”.
Boletín Galego de Literatura 29, 2003, P. 249



De par, colabora en dúos e tríos de cámara, e no grupo folk Escaino, con Paulino Pereiro (frauta traveseira), Xoán Fernán Vello (percusión) e Luís Martínez Pereiro (clarinete).



Nunha actuación do grupo Escaino. Xullo de 1976



Ensaiano co “violino” na súa casa

Con Paulino Martínez Pereiro participa, en 1987, na interpretación da música da curta-metraxe *Novo de Parmuíde*, dirixida por Roberto Vidal Bolaño, primeira entrega dunha serie que adaptou textos de Álvaro Cunqueiro para a TVG.



Xunto a Paulino Pereiro (de pé) e José Luis Evangelista. 1989



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Primeiros escritos


1980 - 1987

En 1980 publica, con Carlos Paulo Martínez Pereiro, o seu primeiro traballo coñecido, “Menosprezo de corte”, unha recensión de *A nosa cinza*, de Xavier Alcalá, na revista *Man Común* 3.



Debuta no ensaio cos artigos: “A música como arte” (*La Voz de Galicia*, 21-II-1982), “A lingua dos sons” (*Agália* 6, 1986), “Ao principio foi o son” (*Luzes de Galiza* 7, 1987) e “Música observada” (*Grial* 97, 1987).


Neste tempo redacta cadernos memoria-
lísticos (inéditos).



Compendium musices, un dos
seus escritos inéditos



Co mar de Portugal ao fondo



Aparecen “Sete haikus” (*El Correo Gallego*, 4-IV-1985), poemas iniciais, e “O oco da palabra (selecçom)” (*Agália* 10, 1987), logo incorporados ao seu primeiro poemario, *Música reservada* (1991).

*Tinta do mar, escrevo [...]
E o mar, interminábel danza, borra
o nome escrito sen que o ritmo morra.*

Música reservada (1991)



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Docencia e escrita nacente

1987 - 1994

Acada, por oposición, a praza de profesora agregada de Bacharelato, en Lingua e Literatura Galegas, en 1988, co que principia o seu viero docente.

O primeiro destino levouna, en 1988, ao Instituto de Bacharelato de Perillo-Oleiros (hoxe IES escritor Xosé Neira Vilas), onde tamén exerce como xefa de departamento.



Luísa en 1993

Nos cursos 1989-90 e 1990-91 imparte clase no Instituto de Bacharelato Mixto número 3 de Canido, en Ferrol, ata o seu traslado ao IESP de Sada (hoxe IES Isaac Díaz Pardo), xa destino definitivo, onde desenvolve un intenso labor organizativo e promotor de actividades culturais, especialmente literarias, sendo tamén xefa do departamento de Lingua e Literatura Galegas dende 1995.



Con Isaac Díaz Pardo, no instituto de Sada. 6-VI-1994

Destas angueiras naceron varios manuais escolares de autoría colectiva, como *Actividades de léxico (I e II)* (1990), *Actividades de expresión oral e escrita* (1990) e *Actividades de construción gramatical* (1991).



Roma, desde o Palatino. 1991

A finais dos oitenta inicia amizade con Francisco Pillado Mayor, de grande influencia no encarreiramento da enerxía creativa da escritora, sobre todo no referente á dramaturxia (*Cadernos da Escola Dramática Galega*, revista que dirixía Pillado), e na vertente editorial, como director da Editorial Laiovento.



Nun acto na Universidade da Coruña, con Francisco Pillado (centro). 30-V-1996



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Labor intelectual e activismo

NUNCA MÁIS


"Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel do mundo: un tambor que desperta" ("Ritos de resistencia", Ruído), fronte ás inxustizas, a loita...

Persoa comprometida, Luísa Villalta non se pode entender sen as causas en que militou: o feminismo, a lacra da emigración, o desastre do *Prestige* (Nunca Máis, Foro Negro da Cultura...), a guerra de Iraq, a defensa do pobo saharahuí e palestino, a denuncia da marxina-ción social no barrio coruñés do Papagaio...


Participou activamente no asociacionismo cultural (Mesa pola Normalización Lingüística, AS-PG, Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, da que foi vogal da directiva entre 1993 e 2001, Foro da Cultura Galega, Galeuzca...) e na política, nos partidos Esquerda Nacionalista e Bloque Nacionalista Galego.



Aveiro, no ano 2000



Na compañía de Xosé Ramón Pena, Carlos L. Bernárdez, Ramón Nicolás e Xavier Alcalá, en Donostia, no Galeuzca en Vitoria-Gasteiz. 1994. Arquivo X. R. Pena



Durante un congreso no Funchal (A Madeira), no mercado de Lavradores. Maio de 2001



Homenaxe a Manuel María, con Bernardino Graña, Uxío Novoneyra, Manuel María, Marica Campo e Pilar Pallarés escoitando a súa intervención. 1995



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña



"Se o princípio foi a palavra, antes dela foi o son e, depois, o entendimento e transmissão da sua melodia" (do prólogo de *Música reservada*)


A sua poética caracteriza-se pela procura do sentido da escrita, o papel da literatura e a natureza da palavra, onde poesia e música van da man.

Un estado de conciencia a través do que comprender o mundo e comprenderse a ela mesma.



"Acabarei por fazer do poema a biografia, / [...] e espetar-lhe ao mundo que si, que é possível / viver como vive a poesia..."

A súa tetraloxía vital ábrese con *Música reservada* (1991), séguelle *Ruído* (1991), a “plaquette”, *Rota ao interior do ollo* (1995) e péchase con *En concreto* (2004, póstumo), cume da súa escrita, chegada á madurez poética, onde a “cidade”, a súa cidade, é o gran tema.



Nunha presentación en Ferrol, con Yolanda Castaño e Emma Couceiro, en decembro de 1999



Depois apareceron *Papagaio* (2006), con fotografías de Maribel Longueira; *As palabras ingravidas* (2020), que estaba a escribir cando faleceu; e *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)* (2023), onde se recompilan os seus poemarios publicados en vida.



Na presentación de *Música reservada*, na Galería Sargadelos de Compostela o 17-4-1992, xunto con *Metáfora da metáfora* e *Urania*, coas súas autoras, M^{rs} Xosé Queizán e Chus Pato, na compañía de Miguel Anxo Fernán Vello



Luisa Villalta pintando versos.
Foto: Blanca Silva/RAC

XUNTA
DE GALICIA


Concello da Coruña

A escrita múltiple

Narrativa

Na súa narrativa manifesta un compromiso ideolóxico moi claro a prol da defensa da personalidade de Galicia e da dignidade humana, que a sitúa, tamén formalmente, na vangarda da literatura do seu tempo.

Ademais de múltiples escritos en obras colectivas, publicou o libro de relatos *Silêncio, ensaiamos* (1991) e as novelas *Teoría de xogos* (1997) e *As chaves do tempo* (2001).



As chaves do tempo presenta, nunha Galicia medieval, o dilema do rei Artur, aconsellado por Merlín, para decidir a quen lega o seu reino. Unha alegoría nacionalista baixo o formato dun conto tradicional sobre reis e príncipes narrado por unha voz feminina.



En 1997 sae do prelo *Teoría de xogos*, unha alegoría da vida como xogo; un traballo intenso e reflexivo onde as relacións humanas son pezas naturais do azar, que é a existencia en que todos participamos.



Xullo de 2003

Silêncio, ensaiamos recolle once historias onde a presenza da música é decisiva, con mestura de diversas temáticas e motivos, como o paso do tempo, o sentido da escrita, o amor, a morte, a liberdade...



En Grándola, xunta o mural coa célebre canción de Zeca Afonso



Cos compañeiros e compañeiras da AEIG. 1995



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

A escrita múltiple

Obra dramática e ensaio

Luísa publicou tres pezas dramáticas en *Cadernos da Escola Dramática Galega* 76, 85 e 88): *Concerto para un home só* (1989), *O representante* (1990) e *O paseo das esfinxes* (1991), ás que seguiron *As certezas de Ofelia* (*Cashamlet* 1, 1999) e *Os doces anos da guerra* (*Revista Galega de Teatro* 29, 2001), reunidas en *Obra dramática completa* (2018), ademais da tradución (con Francisco Pillado) de *A mandrágora*, de Niccolò Machiavelli.



O seu labor ensaístico, presente tamén en múltiples publicacións, palestras e relatorios, recóllese nos libros:



O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral (1992), primeiro traballo en que se abordou monograficamente a versión cunqueiriana da traxedia shakespeariana.



O outro lado da música, a poesía (1999), obra onde fai unha relectura da historia da poesía galega procurando nela a presenza da música.

O libro das columnas (2005), obra póstuma que recolle medio cento de colaboracións no xornal *A Nosa Terra* sobre temas de actualidade do momento.



Catro xeracións de poetas, na Coruña, en agosto de 1998. Á súa dereita, Emma Couceiro e Luz Pozo Garza. Á esquerda, Teresa Seara e Pilar Pallarés



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

A poeta da Cidade Alta

A Coruña, sempre presente.



"E o mar, interminábel danza, borra / o nome escrito que o ritmo morra". (*Música reservada*, 1991)

"Lémoste, poeta, e gozamos e cantamos e a música reservada estoupa e xorde o ruído e soñámoste co violín e préndensenos as túas palabras coas que vestimos minutos de poemas polo papagaio nunha rota ao interior do ollo contigo no outro lado da música, na Cidade Alta"

"Manifesto" do Colectivo A Segra no IX Día das Galegas nas Letras, 2021.



*A
túa
estatura
estaba inscrita no proxecto
da Cidade compacta ...*

("OBELISCO", *En concreto*, 2004)

*O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos*

("POEMA DA CIDADE ALTA", *En concreto*, 2004)



*O calor terminal escapa tras o Monte
asombrado do Oeste
e a linterna do Faro emprende unha
persecución encadeada cara ao
outro lado do mar*

("NORTE". *En concreto*, 2004)



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

A poeta da Cidade Alta

Procuro

*Non pronunciar a palabra fugaz
que move a razón dos meus pasos
sobre o asfalto sensíbel*

(“HABITO”. *En concreto*, 2004)

*A colosal condesa Marineda
axexante entre a vexetación teatral
anotaba con lápis de pedra
os meus experimentos de raiva
na taboleta hipócrita da súa clase social*

(“XARDÍNS”. *En concreto*, 2004)



A Cidade, a Cidade Alta, recupera as orixes a través dos seus “Nomes”,
no poema homónimo:

*Os nomes ansían coñecer
deixar de ser cativos no estandarte...*

Riazor, Labañou, O Peruleiro, o río de Monelos, Os Mallos, Montealto...

*Unha estrela enternecida me guiaba,
o mar era esa estrela continuada
e a noite este peso que me inclina
e a luz este nada en que me baño.*

(“A IMAXE”. *Música reservada*, 1991)



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

*Esta exposición é un proxecto da Xunta de Galicia, a través
da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e o Concello
da Coruña, no ano das Letras Galegas 2024, dedicado
a Luísa Villalta*

COMISARIADO

Xesús Domínguez Dono

COLABORACIÓN

Real Academia Galega



REAL
ACADEMIA
GALEGA

DESEÑO E DIAGRAMACIÓN

Hayat Husein

FOTOGRAFÍAS

Xurxo Lobato

María Esteirán

Blanca Silva

Xan Carballa

FONDOS GRÁFICOS E DOCUMENTAIS

Arquivo familiar Villalta Gómez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación
en Humanidades (CRPIH)

Real Academia Galega

Arquivo-Biblioteca Fundación Penzol

Arquivo Xosé Ramón Pena

Editorial Galaxia

PRODUCCIÓN

Merlín Comunicación. Grupo Editorial Galaxia

FABRICACIÓN E MONTAXE

CdeC



LUÍSA VILLALTA,
A REBELIÓN DA PALABRA
Vdeos da Real Academia Galega
ao redor de Luísa Villalta



Acceso á descarga do
material da exposición



Descarga o videopoema
de "Rota ao interior do olo",
recitado por Luísa Villalta

A MÚSICA das PALABRAS